

Instituto da Lingua Galega

Indicación da afiliación

- Modelo simple (obrigatorio)

Nome do autor [nome e apelido ou apelidos]
Instituto da Lingua Galega (en galego e sen siglas)
Universidade de Santiago de Compostela (en galego e sen siglas)

Exemplo

Ramón Lorenzo Vázquez
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

No caso de que queira incluírse a indicación do grupo de investigación, o modelo é o seguinte:

Nome do autor [nome e apelido ou apelidos]
Grupo de investigación Filoloxía e lingüística galega
Instituto da Lingua Galega (en galego e sen siglas)
Universidade de Santiago de Compostela (en galego e sen siglas)

Exemplo

Francisco A. Cidrás Escáneo
Grupo de investigación Filoloxía e lingüística galega
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

Ademais das recomendación da instrución sobre afiliación institucional da USC, poden resultar de interese os consellos que se recollen no [Manual de ayuda a los investigadores españoles para la normalización del nombre de autores e instituciones en las publicaciones científicas](#) elaborado para a FECYT.

INSTRUCCIÓN SOBRE NORMALIZACIÓN DA AFILIACIÓN INSTITUCIONAL NAS PUBLICACIÓNS CUXA AUTORÍA ESTÉ VINCULADA AO PERSOAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Universidade de Santiago de Compostela, como institución pública de educación superior ao servizo da sociedade, asume entre as súas misións a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica do coñecemento científico, técnico, artístico e humanístico.

As publicacións científicas son un dos elementos mais relevantes á hora de visualizar mellor esta actividade e transmitir a produción científica desenvolvida polos investigadores da Universidade. Asegurar a correcta valoración e avaliación da produción científica é un paso fundamental para mellorar a nosa produtividade en I+D, sendo un dos obxectivos da Programación Plurianual 2015-2018 (PPA) aprobada polo Consello de Goberno do 17 de decembro de 2014.

Neste obxectivo, o uso de **identificadores de autor (VER ANEXOS)** que faciliten a asignación inequívoca da produción científico-técnica así como a normalización da afiliación institucional, constitúen boas prácticas académicas, que contribúen á correcta identificación da autoría e á vinculación da produción dos investigadores coa institución universitaria. Isto favorece a fiabilidade de indicadores de avaliación, impacto académico e científico, posición nos rankings, así como a visibilidade na comunidade científica internacional.

O artigo 15j da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, fixa entre os deberes do persoal investigador das universidades públicas o de utilizar a denominación das entidades para as que presta servizos na realización da súa actividade científica, de acordo coa normativa interna de ditas entidades e dos acordos, pactos e convenios que estas subscriban. Tendo en conta, ademais, as recomendacións da FECYT feitas na [“Proposta de manual de axuda aos investigadores españois para a normalización do nome de autores e institucións nas publicacións científicas”](#), establécese o seguinte modelo de afiliación institucional á Universidade de Santiago de Compostela, que debe ser empregado por todo o persoal vinculado á mesma (PDI, PAS, Persoal Investigador en Formación, Investigadores etc.), de forma fixa ou temporal, así como por fundacións, institutos de investigación, centros de investigación, etc., actuais ou que se creen no futuro.

MODELO DE AFILIACIÓN INSTITUCIONAL

En todas as publicacións nas que un dos autores forme parte de nosa comunidade universitaria, debe aparecer sempre na firma do traballo a referencia **Universidade de Santiago de Compostela**, en galego e sen siglas, abreviaturas ou traducións. Farase segundo a orde que sigue, separando por comas os diferentes niveis:

- Nome do autor
- Grupo (se procede)
- Departamento ou outra Estrutura¹ (obrigatorio a lo menos un)
- Universidade de Santiago de Compostela (obrigatorio)
- Dirección postal

¹ Por *outras Estruturas* debe entenderse outras unidades organizativas de investigación recoñecidas pola USC nas que o investigador/autor estea adscrito a efectos de produción científica. Concretamente *Centro Singular de Investigación, Instituto, Centro propio* ou *Estación Científica*

Este requisito, que é fundamental para o recoñecemento da autoría por parte da Universidade de Santiago de Compostela, debe respectarse sempre.

- Cando o persoal da Universidade de Santiago de Compostela realice estadias fóra da nosa Universidade, deberá manter a afiliación coa nosa institución, sen detrimento de facelo coa universidade de recepción.
- Nos traballos realizados en colaboración con **persoal investigador que realice estadias de investigación na Universidade de Santiago de Compostela**, a lo menos un dos autores debe facer constar a afiliación á USC
- No caso dos **investigadores da USC vinculados, ademais, a centros mixtos² dependentes de varias institucións**, deberán facer constar a dobre filiación. Recoméndase facelo na orde que sigue, separando por comas os diferentes niveis.

- Nome do autor
- Grupo (se procede)
- (*Filiación 1*) Centro Mixto (obligatorio), Dirección postal
- (*Filiación 2*) Departamento ou outra Estrutura¹ (obligatorio a lo menos un), Universidade de Santiago de Compostela (obligatorio), Dirección postal

- No caso de **investigadores da USC que ademais están vinculados a outras institucións alleas á USC** (hospitais, centros tecnolóxicos, etc), tamén deberán facer constar a dobre filiación:

- Nome do autor
- Grupo (se procede)
- (*Filiación 1*) Hospital/Centro Tecnolóxico (obligatorio), Dirección postal
- (*Filiación 2*) Departamento ou outra Estrutura¹ (obligatorio a lo menos un), Universidade de Santiago de Compostela (obligatorio), Dirección postal

Con carácter xeral, e sen prexuízo de que se adopten outras medidas en caso de incumprimento reiterado, na valoración da Memoria de Investigación preceptiva para a percepción da axuda por produción científica só se terán en conta as contribucións nas que o asinante faga constar a súa pertenza a Universidade de Santiago de Compostela. Isto será de aplicación para as contribucións enviadas para a súa publicación con posterioridade á data de esta instrución.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2015

Isabel Rodríguez-Moldes Rey
Vicerreitora de Investigación e Innovación

² Por *centros mixtos dependentes de varias institucións* debe entenderse unidades organizativas de investigación das que a USC forma parte con recoñecemento institucional e cuxa titularidade está compartida con outra institución. En concreto, actualmente deben considerarse nesta categoría entidades como o *Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago-IDIS* ou o *Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial- ITMati*

ANEXO: RECOMENDACIÓN SOBRE REXISTRO DE IDENTIFICACIÓN DE AUTORES

OBXECTIVO: Reforzar a valoración e avaliación da produción científica xunto coa produtividade en I+D

O reforzo da valoración e a avaliación da produción científica como paso fundamental para mellorar a nosa produtividade en I+D é unha das liñas xerais da Programación Plurianual aprobada polo Consello de Goberno do 17 de decembro de 2014.

Esta estratexia de reforzo fundaméntase, entre outras cuestións, na revisión dos procesos de valoración da produción científica, na definición das filiacións, na mellora da visibilidade da produción e a información pública e interna dos indicadores, así como no desenvolvemento de ferramentas de automedición.

Para desenvolver esta estratexia, un dos aspectos nos que é necesario avanzar é na homoxeneización da filiación da produción científica xerada polos investigadores da USC. Nese obxectivo, dende a Vicerreitoría de Investigación e Innovación pretendemos impulsar dúas cuestións relevantes:

- A normalización da afiliación institucional nas publicacións con autores da USC (Acción 1: INSTRUCCIÓN SOBRE NORMALIZACIÓN DA AFILIACIÓN INSTITUCIONAL NAS PUBLICACIÓNS CUXA AUTORÍA ESTÉ VINCULADA AO PERSOAL DA USC),
- A promoción do uso de identificadores de autor (Acción 2: RECOMENDACIÓN DO USO DE CÓDIGOS DE IDENTIFICACIÓN DE INVESTIGADORES)

USO DE CÓDIGOS DE IDENTIFICACIÓN DE INVESTIGADORES

Recoméndase aos investigadores da USC a obtención de códigos de identificación de investigadores, xa que, aínda que polo momento con carácter voluntario, xa están sendo solicitados en moitas publicacións de prestixio, por avaliadores, e mesmo na presentación do currículum abreviado (CVA) do MINECO para os Proxectos de I+ D+ i, onde dispónse da posibilidade de incluír o código ORCID e/ou o Researcher ID. Estes códigos actúan como un DNI científico que progresivamente serán incorporados nas bases de datos propias da USC e, deste xeito, facilitará a asignación, valoración e visibilización da produción científica.

Código ORCID

É un identificador composto por 16 díxitos que permite aos investigadores dispoñer dun código de autor inequívoco que distingue claramente a súa produción científico-técnica. Deste xeito evítanse confusións relacionadas coa autoría de actividades de investigación levadas a cabo por investigadores diferentes con nomes persoais coincidentes ou semellantes.

Cómo rexistrarse en ORCID

Acuda á dirección electrónica <https://orcid.org/register> e rexístrase asegurándose que inclúe a Universidade de Santiago de Compostela como institución á que pertence. Poderá incorporar tamén outros Centros ou institución ás que estea vencellado. Comprobe tamén que o seu nome aparece de tódalas formas nas que se pode atopar en diferentes publicacións. Finalmente, no apartado de *Works*

poderá buscar os seus artigos para vencellos ó ORCID. Deste xeito, a súa produción científica quedará asociada ó seu código e facilitará as buscas en bases de datos. Tamén terá a opción de vincular este identificador con outros alternativos como o **Researcher ID**, de xeito que as actualizacións feitas nun deles se apliquen tamén no outro.



The image shows a screenshot of the ORCID website's registration page. At the top, there is a search bar and a language dropdown set to 'English'. The navigation menu includes 'FOR RESEARCHERS', 'FOR ORGANIZATIONS', 'ABOUT', 'HELP', and 'SIGN OUT'. Below the navigation, there are links for 'MY ORCID RECORD', 'ACCOUNT SETTINGS', 'DEVELOPER TOOLS', and 'LEARN MORE'. A counter shows '1,289,764 ORCID iDs and counting. See more...'. The main heading is 'Register for an ORCID iD'. The text below explains that ORCID provides a persistent digital identifier. The registration form consists of the following fields: 'First name' (with a help icon), 'Last name', 'Email' (with a red asterisk), 'Re-enter email' (with a red asterisk), 'Password' (with a help icon and a red asterisk), and 'Confirm password' (with a red asterisk).